

## Doazón dunha cortiña

Xulián Maure

Autor para correspondencia: xumauri@gmail.com

Como citar este artigo: Xulián Maure Rivas (2023). Doazón dunha cortiña. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 52-54

### Resumo

Un documento máis dos que se conservan no Arquivo Diocesano de Tui, orixinario da Igrexa de Santa María de Baiona, sérvenos para coñecer mellor os mecanismos de transmisión das propiedades na Idade Media. Cómpre tamén aproveitar este documento para estudar o perfil semántico da palabra “cortiña”.

**Palabras clave:** Santa María de Baiona, cortiña, Cárcova, doazón.

### Abstract

Another document of those preserved in the Diocesan Archive of Tui, originally from the Church of Santa María de Baiona, serves us to better understand the mechanisms of transmission of properties in the Middle Ages. This document should also be used to study the semantic profile of the galician word “curtiña”.

**Keywords:** Santa María de Baiona, “curtiña”, “cárcova”, donation


Un documento máis dos que se conservan no Arquivo Diocesano de Tui, orixinario da Igrexa de Santa María de Baiona, sérvenos para coñecer mellor os mecanismos de transmisión das propiedades na Idade Media.

En 1410, na vila de Baiona, Tareixa Esteves, viúva do aparelador Johan Eanes, entrega a Estevo Afonso unha cortiña que viña traballando ela. A cortiña xa era propiedade dos pais de Estevo, María Franquina e Domingos Afonso, como aparece indicado no pergameo “o qual pedaço de herdade he et foy de María Franquina, moller que foy de Domingos Afonso, natural de Tui, padre et madre de uós, Estevo Afonso”. Unha vez aceptada a entrega desta cortiña, o novo titular fai con ela un agasallo a “Catalina<sup>†</sup> Johanes, moller de Johán Bertolameu, visión de Bayona, que presente estades”.

Esta dobre transmisión de propiedade realizada ante “Gonçaluo Eanes, notario público jurado por el rrey em Bayona<sup>†</sup> de Miñor et en seu alfoz”, recollida neste pequeno

pergameo, ten unha serie de informacións marxinais que suscitan algunhas interrogacións.

Estevo Afonso doa unha cortiña, recibida dunha viúva, a outra muller casada ou viúva, pois so ela está presente ante o notario. Ademais faille tamén doazón de todos os bens e algunhas cousas que poidan ter outras persoas e que en dereito lle pertencen a el e “foren descubertas per hña carta d’escomoyón”. Para entender este fragmento pódese acudir, setenta anos máis tarde, ó Sínodo do bispo Diego de Muros celebrado en Tui en 1482. Na constitución 53, apartado 50 establécese: “Item descomulgamos, maldizimos e anathematizamos todos los que fazen escrituras falsas o usan dellas, e todos los que traydos a juzzio por testigos juran falso, e todos los que tienen pesos e medidas falsas e compran o venden con ellas”. Unha carta de excomunión deste tipo ben podía descubrir quen era o auténtico herdeiro e propietario. O xeneroso fillo de Franquina e Domingos, coa esperanza de poder recuperar ocultas propiedades, amplía a doazón á súa amiga Catalina.



Cómpre tamén aproveitar este documento para estudar o perfil semántico da palabra “cortiña”. Fernando R. Tato Plaza, partindo de documentos desta época (1457) nas terras de Rianxo e Postmarcos, elabora a seguinte definición: “Cortiña, terreo próximo á casa de labranza, xeralmente valado e de pequenas dimensións, dedicado fundamentalmente ó cultivo de cereais, legumes ou patacas” (Tato 333). Ernesto Iglesias Almeida define a cortiña como “pequeno terreo pechado, preto das casas, destinado para o cultivo de legumes” (Iglesias s.v.). A novidade deste documento é que parece admitir como cortiña un horto que non está preto da casa. Xa nas Cantigas de Santa María encontramos esta palabra na primeira estrofa da Cantiga 105, que podemos entender como neutra na variante preto/lonxe.

E desto fezo a Santa Reynna  
 gran miragre que vos quero contar  
 u apareceu a hũa meninna  
 en un horto u fora trebellar  
 en cas de seu padr' en hũa *cortynna*  
 que avía ena vila d' Arraz. (Mettmann I, 357)

Neste documento, conservado na Igrexa de Santa María de Baiona, constátase que fóra da vila había unha zona, próxima á porta da Veiga, dedicada a cortiñas onde se encontra a que é obxecto desta doazón e outras xa en posesión eclesiástica. Estes hortos pechados foron pasando a mans de igrexas e confrarías e xa non precisaban estar próximos ás casas de labranza. Lemos no documento notarial:

hũu pedaço de herdade de cortiña *que* está de fora desta dita villa de Bayona<sup>a</sup> ena<sup>a</sup> carcoua, junta con cortyña da igleia de Santa Marina de Rrosal, et con outra miña cortyña *que* eu dey<sup>a</sup> a a confraría de Santiago desta dita villa, et *parte per* camiño *que* vay da porta da veiga para fondo *per* ontre ela et as outras cortyñas *que* y están, *per* que se prouén as ditas cortyñas.

O documento dá unha maior concreción cando di que a cortiña está na *cárcova*. Hoxe en Baiona consérvase A Veiga como topónimo pero non queda memoria do posible Cárcova. No *Elucidario de Viterbo* defínese na entrada «cárcova» como “Porta falsa ou camiño encoberto” e H. Brunswick no seu *Diccionario da antiga linguagem portuguesa* dá a seguinte definición: “obra militar, especie de torre redonda que havia nas fortalezas e praças defensaveis, e que tambien se chamava «cubo».- Porta falsa.- Camiño encuberto que havia em certas fortalezas”. O *Gran diccionario Xerais da Lingua* na entrada «cárcova» remite a «cárcava» que ten como primeira acepción “Escavación profunda na terra producida por unha corrente de auga...” José Pedro Machado no seu *Diccionario etimológico da lingua portuguesa* remite á entrada «alcárcova» onde cita a “agoa que he a que estava na *alcórcova* das chuvas do inverno”. Finalmente Corominas no seu clásico *Diccionario* dedícalle máis de tres páxinas a entrada «cárcavo» e informa de todas as etimoloxías propostas e palabras derivadas. En Baiona no século XV a cárcova era un punto de referencia que estaba fóra da vila e cerca da porta da Veiga. Ben podía facer alusión a unha porta falsa no muro da vila, a unha presa de auga para regar as cortiñas ou calquera modificación do terreo que algún cronista da vila algún día descubrirá.

Unha última información marxinal está escrita na marxe inferior do pergameo: “*Carta da cortinha que foy de Johán Bertollameu et da súa molher Catalina Johanes*”.

Esa nota final non forma parte do documento notarial; pero este pergameo forma parte do arquivo que deberían ter todos os centros eclesiásticos. O sínodo de Tui de 1528 ordena a todos os cregos “ansi mismo mandamos que tengan arca con su llave donde tengan todas las escripturas tocantes a la yglesia” (García, 468)

Foi, posiblemente, Carolina quen fixo a doazón ós abades e cregos de Baiona dado que estes resultan ser os

poseores do documento garante da propiedade da cortiña transmitida e doada no mesmo acto notarial. De non haber outro documento posterior, este gardado no arquivo da Igrexa de Santa María de Baiona sería suficiente na actualidade para unha posible inmatriculación.

*Transcrición do pergameo conservado no Arquivo Diocesano de Tui*

1410, abril, 1. Baiona.

*Doazón dun pedazo de herdade de cortiña, sito fora da vila de Baiona, no camiño que sae da porta da Veiga, recibido de Tareixa Esteves por Estevo Afonso e entregado por este a Catalina Johanes.*

*ACT: Doc. Baiona 22, pergameo, 243x108 mm.*

Ano<sup>s</sup> do nacemento de noso señor Jesu Cristo de mill<sup>t</sup> et quatro çentos et dez anos<sup>s</sup> o primeiro día do mes de abril. Sabean quantos esta carta biren como<sup>t</sup> eu, Tareyia Esteves,<sup>[01]</sup> moller que foi de Johán Eanes, aparelador, et visíña de Bayona, outorgo que por quanto eu et o dito Johán Eanes, meu marido, trouxemos ata aquí hñu pedaço de herdade<sup>[02]</sup> de cortiña que está de fora desta dita villa de Bayona<sup>t</sup> ena<sup>t</sup> carcoua, junta con cortiña da igreia de Santa Marina de Rrosal, et con outra miña cortiña que eu dey<sup>t</sup> a a con<sup>[03]</sup> fraría de Santiago desta dita villa, et parte per camiño que vay da porta da veiga para fondo per ontre ela et as outras cortiñas que y están, per que se prouén as ditas<sup>[04]</sup> cortiñas; o qual pedaço de herdade he et foy de María Franquina, moller que foy de Domingos Afonso, natural de Tui, padre et madre de uós, Estevo Afonso, que presente estades<sup>[05]</sup> Por esta rrasón me desenbargo do dito pedaço de herdade et o leixo et entrego logo a uós, dito Estevo Afonso, meténdouos et apoderándouos con a dita herdade en presenza<sup>[06]</sup> deste notario juso escripto et testemuñas. O qual eu, dito Estevo Afonso, rreço en mñ a dita herdade, et a qual dita herdade dou logo en pura doazón a uós Catalina<sup>t</sup> Johanes, moller<sup>[07]</sup> de Johán Bertolameu, visíño de Bayona<sup>t</sup>, que presente estades et a todas vosas voses para todo senpre, meténdouos en ela et apoderándouos en ela para que

a ajades<sup>[08]</sup> para todo senpre et façades dela toda uosa liure voontade. Et tanben uos dou máys en doazón outros quaes quer bñes et cousas algñas, se as algñas pe<sup>[09]</sup> soa ou pesoas tiuer que a mñ perteescan de dereito et foren descubertas per hñu carta d' escomoyón que sobre lo gaaney<sup>t</sup>. Et se alguén, asý da miña parte como<sup>t</sup> da<sup>[10]</sup> estraña contra esto quiser yr, en parte ou en todo, non posa et aya a yra de deus et a miña maldiçón. Et ao señor da terra por pena<sup>t</sup> peyte quinentos<sup>[11]</sup> mavauedis et a súa demanda non valla et esto fique firme et estauil<sup>t</sup> et valla para senpre en súa rreuer. Feita a carta en Bayona<sup>t</sup> o día, mes et era sobre dítos. Testemuñas que foron<sup>[12]</sup> presentes: Alvaro Martíns Chamorro, Lourenço Eanes, armeiro, natural da Louryña, Domingos Çereijo, Fernán Lourenço, cordeiro, Martín da Bouça et outros.

Et eu, Gonçaluo<sup>[13]</sup> Eanes, notario público jurado por el rrey em Bayona<sup>t</sup> de Miñor et en seu alfoz, a esto presente foy et escripuí et aquí meu nome et signal pugi que<sup>[14]</sup> tal he<sup>[15]</sup>.

(*anotación posterior*) Carta da cortinha que foy de Johán Bertollameu et da súa molher Catalina Johanes<sup>[16]</sup>

## Bibliografía

- BRUNSWICK, HENRIQUE (1910). *Diccionario da antiga linguágem portuguesa*. Lisboa, Lusitana Editora.
- COROMINAS, J. – J. A. PASCUAL (1984). *Diccionario Crítica Etimológico Castellano e Hispánico*. Madrid, Gredos.
- GARCÍA Y GARCÍA, ANTONIO (1981). *Synodicum Hispanum*. Madrid, BAC.
- IGLESIAS ALMEIDA, ERNESTO (2022). *Diccionario de palabras galegas antigas, moitas delas en desuso, tomadas dos documentos medievais*. Tui, Gráficas Juvia.
- MACHADO, JOSÉ PEDRO (1967). *Dicionário etimológico da Língua Portuguesa* Lisboa, Editorial Confluência.
- METTMANN, WALTER (edit.) (1959). *Afonso X, O Sábio, Cantigas de Santa María*. Coimbra, Universidade de Coimbra.
- SANTA ROSA DE VITERBO, JOAQUIN DE. *Elucidário*. Porto-Lisboa, Livraria Civilização.
- TATO PLAZA, FERNANDO, R. (1999). *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.